

Texto: **MARTA AZCONA**

Ilustracións: **ROSA OSUNA**

Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 40 páxinas en color.

22x22 cm. Dispoñible en:

- Galego: "Un agasallo diferente"  
Demademora. ISBN 978-84-8464-527-6
- Castellano: "Un regalo diferente"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-09-3
- Portugués: "Un presente diferente"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-94-1
- Italiano: "Un regalo diverso"  
Libri per Sognare. ISBN 978-88-95933-11-5
- Inglés: "A different present"  
Books for Dreaming. ISBN 978-84-8464-683-9

Prezo: 13 €



## UN AGASALLO DIFERENTE

O día do seu aniversario, Marcel invitou a Tristán a merendar na súa casa.

-Felicidades! –dixo Tristán ao ver o seu amigo, e deulle un pequeno paquete...

Tristán obsequia o seu amigo Marcel cun anaco de tea sobrance dunhas cortinas. Marcel preferiría unha buxaina, pero acaba agradecendo ese agasallo porque acaba decatándose da cantidade de utilidades que pode ter un simple pano: para limpase, protexerse do sol, atravesar un río, abrigarse do vento e escapar dos perigos.

Cada agasallo agocha, baixo o lazo e o papel acharolado, unha decepción. A miúdo sentímonos decepcionados porque agardamos outra cousa; pensamos que non se esforzaron abondo en seguir o rastro dos nosos desexos. Pero Marcel acaba apreciando a humildade do agasallo porque o seu amigo e mais el pertencen a un mundo no que se valoran os obxectos máis insignificantes: cartón, pinzas, chapas, corchos, cordas, un calcetín ou mesmo unha pedra poden converterse nun xoguete marabilloso, unha fascinante caixa de sorpresas.

Marta Azcona enfoca "Un agasallo diferente" como unha reflexión sobre a decepción e, sobre todo, aborda a capacidade innata dos nenos para dar renda solta á imaxinación e gozar co que teñen á man, por simple que pareza. Para eles, calquera cousa pode agochar un tesouro e converterse nunha fonte de diversión, nunha boneca rusa que conteña todos os xoguetes, todos os agasallos.

Rosa Osuna aporta interesantes aderezos, como a presenza dun misterioso personaxe que segue a Tristán e Marcel nas súas peripecias. Na súa técnica combina o pastel con aplicacións de tea.

### MARTA AZCONA

Naceu en Oviedo. Licenciouse en Filoloxía Inglesa e trasladouse a Madrid, onde empezou a colaborar en radio e televisión. Foi reporteira, redactora e guionista de varios programas e magazines. Dende hai uns anos adicase en exclusiva a escribir guións para series de ficción. Publicou "Manual de amargados, maniáticos y depresivos" (Temas de Hoy). "Un agasallo diferente" é o seu primeiro libro infantil.

### ROSA OSUNA (Segovia, 1961)

Licenciada en Belas Artes (Madrid), na especialidade de Deseño. Traballa en deseño, ilustración publicitaria e ilustración de libros de texto, que combina con proxectos de escenografía para teatro e animación con plastilina. "Avós" (editado por KALANDRAKA) foi o seu primeiro álbum ilustrado para nenos; a obra gañou o Premio Llibreter 2003. Seguironlle "Non é fácil pequeno esqui" e o libro-cd "O oso Fabuloso".

- **Temática:** a amizade, o consumismo
- **Idade recomendada:** dende 3 anos
- **Aspectos destacables:** a ilustración inclúe un personaxe paralelo alleo ao relato literario
- **Aplicacións:** diferentes aplicacións e utilidades para os obxectos; reflexión sobre a decepción; confección de agasallos con materiais caseiros

